

SOBRE O TRABALLO

“Tes razón, pois os chamados oficios manuais están desacreditados e, loxicamente, teñen moi mala fama nas nosas cidades, xa que danan o corpo dos traballadores e oficiais, obrigándoos a permanecer sentados e a pasar todo o día á sombra, e algún deles incluso a estar sempre a carón do lume. E ao afeminarse os corpos, debílanse tamén os espíritos.

Os oficios chamados manuais, sobre todo, non deixan tempo libre para ocuparse dos amigos e da cidade, de modo que tales obreiros teñen mala sona no trato cos seus amigos e como defensores da súa patria. Incluso nalgunhas cidades, especialmente nas que teñen sona de belicosas, non se permite a ningún cidadán exercer oficios manuais.”

Xenofonte, Económico.

COMPRESIÓN:

1. Que oficios antigos che veñen á cabeza ao ler este texto de Xenofonte?
2. Que significa belicoso?
3. Sinala as razóns que se dan no texto de Xenofonte para xustificar o desprezo dos traballos que el chama “manuais”.
4. Investiga en que polis grega estaban prohibidos aos cidadáns os traballos como hoxe os entendemos.
5. Averigua tamén quen se ocupaba de todas esas tarefas nesa polis.



INVESTIGA:

1. Quen foi Xenofonte? Época na que viviu, principais obras, ideoloxía...
2. De que famoso filósofo foi alumno?
3. Xenofonte escribe a primeira biografía novelada. Como a titulou?
4. En que famosa expedición militar participou persoalmente? En que obra relata esta experiencia?
5. Averigua que pensaba Xenofonte das mulleres. Copia algún fragmento.